

5º Educación Primaria Día das letras galegas 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

AS CANTAREIRAS

As cantareiras son as mulleres que interpretan cantigas da nosa música tradicional ou popular.

Estas cantigas interprétanas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esolladas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións había música e baile. Ás veces aparecía (ou era contratado) algún gaiteiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban a súa voz e instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... case calquera cousa que producira son.

Nas festas, as pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas, nalgún momento, puideran participar no baile.

As festas nas que interviñan as cantareiras e pandeireteiras adoitaban ter a mesma estrutura: primeiro botaban os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega.

Este ano 2025 a Real Academia Galega dedícalles o Día das Letras Galegas ás cantareiras pola súa contribución ao uso, conservación e difusión da nosa lingua e a nosa cultura.



Eva Castiñeira, unha das homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025.

QUE SABES DAS CANTAREIRAS?

1. Que sabes das cantareiras? Explica en catro frases quen eran e que facían.

2. Onde cantaban? Describe dous tipos de celebracións e os lugares onde actuaban.

3. Que instrumentos usaban? Escribe o nome de catro instrumentos ou obxectos que as cantareiras usaban para facer música.

■ _____	■ _____
■ _____	■ _____

4. Por que se lles dedica este ano 2025 o Día das Letras Galegas ás cantareiras?

5. Como se organizaban as cantareiras e as pandeireteiras? Explica en que tipo de grupo cantaban e como facían para que todas puidesen participar.

6. Le este texto da Real Academia Galega: «*A lingua galega continuou viva e vizosa durante séculos, malia as prohibicións e a súa desaparición do espazo oficial, porque o pobo galego a custodiou, en particular as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas das avoas, das nais ás fillas, dunhas veciñas a outras.*» Crea un cartaz e un *slogan* para o Día das Letras Galegas baseado no parágrafo anterior.



7. Que podes facer ti pola lingua galega? Fai unha listaxe de dez accións a prol da lingua e a cultura galega.

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

5. _____

6. _____

7. _____

8. _____

9. _____

10. _____

8. Esta é unha viñeta de Castelao na que fala de como a música puido dicir, gardar e reivindicar cousas que estiveron prohibidas e agochadas. Fai a túa versión da viñeta lembrando as cantareiras e as pandeireteiras.



Xa que non se pode falar, tocaremos



9. Podemos dicir que, hoxe en día, as cantareiras, pandeireteiras e demais artífices e intérpretes da nosa música e cultura están vivindo un novo auxe pero se non fose polas cantareiras do pasado e aquelas persoas que se preocuparon de recoller todo o que elas sabían sería moi difícil que esas cantigas, xeitos de tocar e códigos culturais chegasen aos nosos días.


Imaxina que podes escribir unha carta a un grupo de cantareiras do pasado, un grupo de mulleres que descoñece que hoxe, no 2025, honramos a súa memoria e valoramos o seu labor cultural e pola lingua.

Lembra incluír nesta carta:

- Data
- Saúdo inicial.
- Descrición da homenaxe: Explica que a Real Academia Galega decidiu dedicarlles o Día das Letras e os motivos.
- Agradecemento: Describe a importancia do seu labor e o que lles agradece.
- Despedida: Lembra despedirte cunha frase amable.

Se ti viras o que eu vin

Se ti viras o que eu vin
tíñaste que ademirar;
unha cadela con pitos
e unha galiña a ladrar.



Traballamos coa cantiga?

1. A cantiga está incompleta, emprega o código para descubri-la e fai un debuxo relacionado coa cantiga.

R	T	N	X	E	A	S	P	O	M
									

Se ti viras o que eu vin

na feira de _____



vinte e cinco _____ xuntos



de a cabalo dun _____ .



2. Escribe a túa propia copla empregando a mesma estrutura e tipoloxía humorística.

Se ti viras o que eu vin...

3. Unha galiña que ladra podería chamarse unha «caliña» (can+galiña). Inventa nomes e definicións para estes outros. Fai o debuxo dun destes animais.

■ **Gaturro:** _____

■ **Xabeixe:** _____

■ **Ouvota:** _____

■ _____: Vaca con ás de bolboreta.

■ _____: Raposo con cornos de vacaloura.

■ _____: Esquíó que miaña como un gato.



4. E agora o problema da granxa. Nunha granxa hai catro cadelas e cada unha ten 5 pitos. Ademais na granxa hai 6 galiñas que aprenderon a ladrar.

■ Cantos pitos hai en total?

■ Cantos animais hai en total na granxa?


■ Se cada cadela come 3 quilos de carne ao día. Cantos quilos de carne comen diariamente en total todas as cadelas?

■ Cada pito come cen gramos de millo ao día. Cantos gramos de millo precisamos para alimentar todos os pitos durante unha semana?

■ Se cada quilo de carne para as cadelas custa 7,35 euros e cada quilo de millo para os pitos custa 3,18 euros, canto gastaremos en alimentar as cadelas e os pitos durante unha semana?

5. Deseña un cartel para unha cantiga. Escríbea á dereita do ollo da fechadura e dentro desta unha ilustración co contido da túa cantiga.

Se ti viras o que eu vin
tíñaste que admirar;



Alá vai o gaiteiro

Ala vai o gaiteiro
polo fondo **pinal**
e ata os **pinos** lle axudan
ao roncón a roncar
ao roncón a roncar
ao roncón a roncar
ala vai o gaiteiro
polo fondo **pinal**.



Traballamos coa cantiga?


1. As palabras «pinal» e «piñeiro» que aparecen na cantiga non son axeitadas. Cal das seguintes serían as correctas?

pinal ► ☐ FRAGA ☐ PIÑEIRAL ☐ SOUTO

pinos ► ☐ ZOCOS ☐ CUMIOS ☐ PIÑEIROS

2. A cantiga consta de trinta e dúas palabras. Calcula a fracción e porcentaxe de veces que aparece a palabra «gaiteiro» e a palabra «roncón».


3. O ronco ou roncón é unha das partes da gaita. Saberás colocar o nome de cada unha das súas partes.



4. Seguindo a estrutura da cantiga continúa a historia deste gaiteiro. Onde vai?

Ala vai o gaiteiro
para casa de Xan.
Leva zapatos novos
porque quere bailar
porque quere bailar
porque quere bailar.
Alá vai o gaiteiro
para casa de Xan







5. Un caligrama é un verso ou composición poética no que as palabras forman un debuxo relacionado co contido do poema. Elabora ti un caligrama poñendo na gaita o poema *Alá vai o gaiteiro*.



6. Localiza na sopa de letras o nome dos instrumentos do recadro e pon o nome de cada instrumento.

CHARRASCO FERRIÑOS CUNCHAS GAITA LATA PANDEIRETA
TARRAÑOLAS PANDEIRO TIXOLA ZANFONA

Z	C	U	N	C	H	A	S	Ñ	C	X	V
G	H	L	C	M	T	D	Z	B	T	H	O
P	A	N	D	E	I	R	E	T	A	S	N
S	R	B	L	V	X	Ñ	Z	L	R	F	A
N	R	X	A	S	O	C	G	D	R	P	Z
G	A	I	T	A	L	A	X	O	A	I	C
D	S	G	A	L	A	Z	V	S	Ñ	H	U
B	C	P	A	N	D	E	I	R	O	P	M
Z	O	X	Ñ	F	D	N	U	Z	L	R	O
A	M	H	Z	A	N	F	O	N	A	V	L
N	F	P	X	A	D	C	M	S	S	Z	H
F	E	R	R	I	Ñ	O	S	G	F	B	Ñ



Paxariño millerendo

Paxariño millerendo
non me comas as cereixas,
se comes, come pouquiñas,
mira ben as que me deixas.




Traballamos coa cantiga?


1. A palabra «**millerendo**» non aparece no dicionario da Real Academia Galega, ás veces pasa... Escribe un significado para esta palabra que coincida co tema da cantiga.


Millerendo/a. Adxectivo: _____


2. Empregando o mesmo esquema da cantiga, escribe a resposta do paxariño.


3. Localiza o nome das froitas e escríbeos.














P	E	X	E	G	O	S
S	X	G	H	D	Z	F
C	E	R	E	I	X	A
A	M	O	R	O	D	O
G	M	A	Z	A	X	S
L	A	R	A	N	X	A
X	D	F	I	G	O	F

4. O paxariño comeu 1/3 das cereixas e quedaron vinte e catro. Cantas cereixas había ao principio?



Se todas as cereixas estaban unidas en parellas, cantos pares de cereixas comeu o paxariño?

5. Cantos cres que hai? Antes de facer un reconto, fai unha estimación mirando a imaxe durante sete segundos e despois comproba a veracidade das túas estimacións.

ESTIMACIÓN

CANTIDADE REAL

